

María Jesús Romero Brañas

(PONTEVEDRA-1940)

OS DOUS NOMES

Coñécea todo o mundo como María Jesús pero en realidade chámase María del Carmen, aínda que nin ela o soubo ata os 22 anos. Cousas de seu pai. Sempre fora partidario de que as fillas levasen os nomes das avoas pero cando ela naceu xa tivera outra nena á que chamara María Dolores cumprindo, de vez, coas dúas avoas: a paterna, de nome María, e a materna, que se chamaba Dolores. Así que Robustiano foi ao rexistro civil e dixo que a meniña se ía chamar Carmen, como a súa muller, mais chegou o bautizo e a súa irmá Jesusa, que fixo de madriña, dixo que diso nada, que a meniña tiña que levar o seu nome e o do padriño, un amigo seu que casualmente tamén se chamaba Jesús. Non quedou outra que aceptar. A partir de aí, a pequena foi para todos María Jesús e morra o conto, pero a ela ninguén lle contou nunca a anécdota ata que, chegado o día de casar, cando precisou sacar o DNI e foi ao rexistro civil pedir a partida de nacemento de María Jesús Romero Brañas, nacida o 8 de abril de 1940, a señorita de Vega, responsable da oficina pontevedresa, díxolle que non existía a tal María Jesús senón María del Carmen. A sorpresa foi tal que marchou correndo a San Bartolomé, onde fora bautizada, para comprobar que aí si estaba María Jesús:



“O cura que me casou atopouse co problema de que non sabía se casaba a María del Carmen ou a María Jesús así que cortou polo san e dixo: ‘Dá igual, é María nos dous sitios’... E pola igrexa casou María Jesús e polo xulgado María del Carmen. Meu home tivo dúas mulleres aínda que o pobre non tivo moito tempo para ningunha das dúas”.

Casou o 5 de maio de 1962, tivo a súa filla Ana o 18 de maio de 1963 e quedou viúva o 19 de novembro de 1964. Manuel morreu nun accidente de tráfico cando acababa de empezar a traballar como condutor cunha compañía exportadora de peixe de Marín. Fatalmente aquel día non era el quen conducía.

A ORQUESTRA

Fora así como se coñeceran. Manuel era o condutor do vehículo da orquestra Gran Casino e ela, a vocalista. Foi a primeira muller de Pontevedra que cantou nunha orquestra, nun tempo en que todas estaban formadas exclusivamente por homes. Non foi fácil convencer aos pais. Empezou por casualidade. Estábase preparando unha homenaxe aos bombeiros no Teatro Malvar e *Radio Pontevedra* emitiu un anuncio dicindo que se buscaban caras novas para actuar:

“Tiña unha amiga, Lolita, que non facía máis que dicirme que porqué non ía probar sorte. E eu díciolle que estaba tola, que miña nai non me ía deixar, pero insistíume tanto que me convenceu e funme apuntar a *Radio Pontevedra*”.

Escolleu para a proba *La niña de puerta oscura* e gustou tanto que foi a canción que usaron na emisora para anunciar o evento:

“Miña nai escoitouna e dixo:

-Nena, esa non es ti?

-Que vou ser eu, mamá!.

Mentinlle, claro, porque non podía dicirlle que fora á proba, pero achegábase o día da actuación e había que contarlle porque xa non podía botarme atrás. Así que un día solteillo e para a miña sorpresa dixo:

-Bueno, se é unha homenaxe aos bombeiros...

E pasoulle a pelota a meu pai:

-Ti que dis?

-Muller, son os bombeiros porque non has deixala ir???”.

Foi a súa primeira actuación en público, nin máis nin menos que nas Festas da Peregrina. Debía ter dezasete anos. Só puido cantar na primeira función; cando chegou a segunda quedara completamente afónica. Non volveu subir a un escenario ata que o Concello fixo na Praza de Touros unha homenaxe ao garda



Prudencio, aquel personaxe que dirixía pioneiras campañas de seguridade viaria, dando leccións de tráfico aos nenos e ás nenas coa axuda de xente tan prestixiosa como o grande humorista Miguel Gila.

“Atopoume na verbena da Alameda Balbino Fuentes Mora, o locutor de *Radio Pontevedra*, e díxome que estivera buscando por min porque se estaba a organizar ese acto e ía cantar Conchita Costas, unha rapaza de Vigo. Facíase coa mesma orquestra da outra vez así que ao chegar á casa díxenllo a miña nai. Díxome que sendo na Praza de Touros podía ir... Cando baixamos do escenario, veu o cardeal Quiroga Palacios felicitarnos ás dúas, a Conchita e a min”.

Ao día seguinte, o director da orquestra foi falar cos seus pais para que a deixaran ir actuar con eles. Desta vez súa nai non foi moi partidaria pero seu pai convenceuna para que a deixara probar.

Naquel momento, María Jesús cobraba 450 pesetas ao mes servindo nunha casa onde tamén lle daban de comer, vestiana e calzábana. Pola súa primeira actuación coa Gran Casino, nunha sala de festas de Vigo, pagáronlle 500 pesetas. Máis nunha noite do que gañaba nun mes.

“Cheguei á casa e díxenlle a miña nai:

-Sabes canto me deron pola actuación de hoxe?

-Daríanche vinte pesos, muller.

Cando lle din o billete de 500 pesetas dixo:

-Pero nena, e logo ti que fixeches?

-Nada, mamá, só cantei.

-Só cantaches e déronche 500 pesetas?

Despois fun a outra actuación e pagáronme 1.000 e, a partir de aí, xa non houbo máis dúbidas, xa era que había que cantar”.

Despediuse da casa onde traballaba e non lle puxeron ningún reparo. Os seus xefes entenderon que ao irse gañaba moito máis e, de feito, foron os seus padriños de voda. Curiosamente, non tivo tanta sorte coa súa amiga, a mesma que a animara a presentarse á proba da radio, que pensaba agora que iso de ser cantante de orquestra non era boa cousa e deixaron de saír xuntas despois de ter sido inseparables desde o día que sendo ben nenas se coñeceran no comedor do Auxilio Social.

E, a pesar do que dirán, María Jesús Romero Brañas, que co tempo sería ademais a primeira muller propietaria e condutora dunha moto en toda Pontevedra,



converteuse tamén en pioneira no traballo, sendo a primeira muller cantante de orquestra da cidade:

“Un día fomos cantar a Vila de Cruces. Estabamos nós nun palco e outra orquestra de Santiago noutra, e nós sempre tiñamos máis xente que os outros... porque cantaba eu. Era a primeira orquestra de todo Pontevedra que collía unha muller e foi gracioso porque tiñamos que ir cantar a Lárez e o cura, cando soubo que ía cantar eu, dixo que *'ni hablar, que dónde se había visto eso de una mujer en una orquesta!!!'*. Pero a maioría das velliñas da parroquia coñecíanme e xuntáronse un grupo para ir falar con el. Dixéronlle que me deixara ir, que me vise, que me escoitase e, se non lle gustaba, que non se preocupara que eu marchaba, que elas me coñecían e sabían que eu marchaba sen problema. O cura aceptou, fun e, cando acabamos de actuar, achegouse a min e díxome que podía ir cantar alí cando quixera, que non había ningún problema... Ao fin eu só ía cantar e levaba vestidos ben elegantes que non amosaban interioridades”.

Eran vestidos mercados exclusivamente para a orquestra, pois eran máis escotados e elegantes dos que ela adoitaba pór para saír os domingos. Mercábaos na feira ou encargáballos a unha rapaza modista e só os puña para ir cantar.

En Pontevedra tocaron en todo canto sitio había: No Casino, no Parque, na sala de festas das *Golondrinas* en Poio, nas Festas de Lárez, na Peregrina, no *Baile do Pino* e, aínda que ao principio á xente sorprendíalle ver unha muller cantando, María Jesús asegura que non atopou actitudes machistas no tempo que estivo na orquestra:

“Todo o contrario, quizais tamén porque eu sempre fun unha muller de carácter moi forte pero nunca sentín discriminación, e moito menos por parte dos compañeiros, ao revés. Unha vez, en Tui, un do público quixo agarrarme pola cintura e xa saíron dous músicos meus a afastalo. Tamén é certo que se chega a tocarme, son eu a primeira que lle arreo unha patada que ía tocar, ía...”.

Recoñece que era a nena mimada da orquestra. Ao principio era a máis nova pero logo foron incorporándose rapaces e ela pasou a ser unha especie de garda da moralidade:

“As mulleres dos músicos estaban encantadas comigo e iso que non lles contaba todo o que pasaba, pero si é verdade que, como eu vira que algún tomaba moitas confianza con algunha rapaza do baile, xa ía eu dicirille: *'fai o favor e corta porque senón voulo dicir a túa muller'*. Logo non o contaba, claro, pero o susto metíallo no corpo. É que como fomos un par de veces ao mesmo sitio, sempre había algún que se pasaba de listo, así que eu controlábaos a todos, menos a Santos, o vocalista, que estaba solteiro e podía facer o que lle daba a gana”.

O repertorio da orquestra era moi amplo e, aínda que todas as cancións eran enviadas á censura, nunca tiveron problema algún:

“Cantabamos de todo, calquera canción. Eles escolían o repertorio aínda que eu tiña unha que me gustaba moito, a de *'Pontevedra, jardín de Galicia'*... Os músicos



dicían que eu cando cantaba esa canción deixaba Pontevedra por todo o alto e eu sempre lles contestaba que si, que para min Pontevedra é o mellor que hai, iso que daquela non era moi bela porque estaba moi sucia... pero eu sempre me sentín moi orgullosa de ser de aquí”.

Estando na orquestra tivo a oportunidade de cantar no programa radiofónico *Desfile de Estrellas* e non o pensou. Marchou sola para A Coruña:

“Aínda estaba solteira e nunca fora á Coruña pero deume igual, fun soa sen saber como era a cidade. Nese sentido sempre fun moi adiantada, eu quería coñecer os sitios. Había xente á que lle asustaba andar por aí soa pero a min non, eu quería moverme. E sigo igual. Hai uns anos quixen ir a Santo André de Teixido, non fora que me despistara e logo tivera que volver de bicho... e por se acaso fun tres veces, non fora ser”.

Estivo na orquestra ata que quedou embarazada da súa filla. Ana naceu en maio do 63 e a súa nai despediuse do micrófono na noite de Fin de Ano de 1962:

“Os compañeiros dicíanme que podía seguir cantando que non se me notaba nada a barriga pero eu dixen que non, que María Jesús xa terminara. Logo, cando morreu meu home, dixéronme que porqué non volvía á orquestra pero non quixen e, se digo a verdade, pesoume porque aínda que gañaba cartos limpando nun hotel, a vida era moi distinta”.

Manuel morreu nun accidente de estrada cando apenas levaba uns días traballando nunha compañía de transportes de pescado de Marín. De feito, ía cun compañeiro mirar o coche que ía usar, ao que lle estaban a pór a carrozaría na Estrada. De volta a Pontevedra o que conducía fixo un adiantamento indebido e morreron os dous. A súa filla Ana cumprira na véspera ano e medio.

Foi tan repentino que cando lle caducou aquel DNI que fixera antes de casar, o funcionario díxolle que non llo podía renovar, que tiña que levar un certificado conforme en só cinco anos pasaba de solteira a viúva, que era moito cambio para tan pouco tempo. Menos mal que un policía que había alí a coñecía e foille de aval.

Nunca volveu casar nin tampouco tivo outro home. Non deixou que ninguén se achegara a ela, a pesar de que era unha muller moi coñecida e tivo moitos pretendentes:

“Manuel sempre seguiu no meu corazón e na miña cabeza. Non hai un día en que por unha cousa ou por outra non saia Manuel a colación: porque Manuel diría isto, porque Manuel faría aquilo... E, ás veces, digo eu: ‘Bendito sexa *Dios*, con Manuel a estas alturas’... pero así é”.

O NAMORAMENTO

O namoramento non chegou de súpeto. Nunca se fixara nel dese xeito ata que o acordeonista, ao que lle deu por facer de casamenteiro, díxolle: ‘Ao condutor



gústaslle'. E aínda así, ela respondeu: 'A ese vello????' Tiña dez anos máis ca ela e parecíalle moi maior, pero empezou a ter detalles que a foron conquistando:

"Sempre tiña algunha atención cara a min. Un día que fomos tocar preto de Tui foi a unha tómbola e gañou unhas olas. Díxome: 'Léveas que total eu non as quero para nada'. E xa saltou Lito, o acordeonista: 'Lévaas María Jesús, muller, lévaas que hanche de servir para o enxoval...' E así foi. Aínda na miña casa fago o café nunha desas olas e a máis pequena téñoa na da filla, para botar o aceite".

A partir de que o seu compañeiro a puxo sobre a pista do pretendente empezou a fixarse nel, mais recoñece que non llo puxo fácil:

"Eu era moi cabezona. Lembro un día que quedáramos os dous para ir a unha festa en Marcón e, como non chegou á hora, marchei eu soa á festa. Non fora nunca a Marcón pero collín o autobús, marchei e, cando chegou el, collín e vin de volta para que non me atopase. Eu era bastante terquiña".

Ela testana e el tímido, o afianzamento da relación non chegou ata que se incorporaron á orquestra rapaces máis novos e Manuel colleu medo de que se achegaran de máis a ela:

"Como eu era tan meticona e sempre tiña algo que dicir cando as cousas non saían ben, el tiña medo de que con tanto intercambio de pareceres tivera máis roce do debido cos outros músicos, así que un día díxome que eu a el lle gustaba e gustáballe moito. Eu díxenlle que el a min nin me gustaba nin me desgustaba, que o vía unha persoa amable.

Pero un día fomos pasear e díxome se saía con el e díxenlle que si, que saíamos. Dimos unha volta por Pontevedra, entendémonos moi ben e así foi... Gustabámonos, estábamos a gusto xuntos, pasabámolo moi ben. A min pasábaseme o tempo axiña e cando miraba o reloxo xa tiña que volver para a casa. Había que ser puntual porque senón miña nai... Era moi recta".

Manuel chegou a pensar que ela non lle faría caso "por non ser máis que un pobre condutor" pero casaron antes de que pasara un ano.

"Un día, miroume fixamente e díxome:

-Mira, ti casarías comigo?

-Oh, e porqué ía casar contigo?

-Muller, a min gústasme moito. Eu non che gusto a ti? Non son unha persoa normal?

-Home, normal si es pero non sei se me gustas como para casar (ri).

El díxome:

-Estásme a tomar o pelo?

-Noon!



A verdade é que eu tivera dous pretendentes pero non me convencía ningún. Un era fillo dun garda civil, era un mozo de moi boa talla. O meu home era un pouco máis baixo ca min e iso era o que non me acababa de convencer, pero miña nai sempre dicía que as persoas non se medían pola estatura, medíanse polos feitos.

Dicía miña nai:

-Os feitos deses homes son bos?

-Muller, eu penso que si.

-Trata de meterche man?

-Mamá!!!! Noon.

-Pois logo é unha boa persoa.

Miña nai era así”.

Casaron o 5 de maio de 1962 no que entón era un barracón, pois a parroquia de San José empezaba a facerse na nave de Campolongo, onde ata o momento se cambiaban os rapaces para facer deporte. O cura de Bartolomé ofreceulle casar na súa igrexa pero ela non quixo. Dixo que se ía pertencer a San José, en San José casaba, e alí casounos Don Víctor, no mesmiño barracón:

“Agora que lle dan tanto auxe a San José teño que ir un día contarlles que eu fun unha das primeiras parellas que casou alí, sendo un barracón onde os rapaces se cambiaban para facer deporte. Menos mal que puxemos flores e nas fotos non se notou nada”.

Despois de casar fixeron unha comida na casa materna e foron durmir a Vigo, ao hotel *Lisboa*, moi preto da estación. Alí pasaron a primeira noite. Ao día seguinte foron comer á casa de Pilar, a irmá maior de Manuel, que vivía na cidade, e pola tarde María Jesús cantou coa *Gran Casino*:

“Os meus compañeiros mirábanme e eu, toda seria e digna, avisei:

-Que ninguén diga nada, eh!

Teño que recoñecer que sempre tiven moita voz de mando”.

Despois de casar, non só María Jesús deixou a orquestra, Manuel tamén. El tiña unha irmá, Maruja, que estaba en Londres e díxolles que foran para alá pero, aínda que emigraron, elixiron París, onde vivía Esther, unha amiga de Vila de Cruces. Axudoulles a instalarse e a buscar traballo pero, cando aínda non levaban un ano, víronse obrigados a regresar a España. A nai de María Jesús enfermara e a súa irmá pequena, Sabela, era moi nova para facerse cargo da enferma e de Ana, o bebé do matrimonio, que quedara coa avoa. A Carmen diagnosticáranlle



hepatite pero a cousa era máis grave: tiña un fibroma canceroso na boca, do que morreu. Pero antes que ela morreu Manuel.

Cando regresaron a España, Manuel púxose a buscar traballo:

“Había algo no que non coincidíamos. O meu home, cando os xefes lle chamaban a atención por algo, xa pedía a conta e marchaba e eu non estaba con iso, eu pensaba que había que render no traballo e aguantar un pouco”.

Levaba tres días traballando na distribuidora de peixe de Marín cando tivo o accidente. De feito, para non pagarlle indemnización á viúva, o avogado da empresa negou a relación laboral e dixo que Manuel ía no vehículo porque era amigo do condutor. O xuíz rexeitou o intento, alegando que a unha persoa á que non se coñece de nada non se lle manda unha coroa coa lenda “*Recuerdo de los exportadores de pescado de Marín*”.

Foi o seu irmán Manuel, que vivía en Santa María, quen lle dixo a María Jesús que quedara viúva.

“Despois diso séguese adiante porque non queda máis remedio, pero séguese con moita dor, con moita pena... Tiras porque a vida está aí e tes unha nai tirada nunha cama e unha nena de ano e medio... pero é moi difícil”.

Aos cinco meses de morrer Manuel, María Jesús púxose a traballar no hotel *Rías Bajas*, limpando e facendo as camas do cuarto andar. Ofrecéranlle volver á orquestra pero non tiña aquel para cantar. Non tiña ánimos. Tiña 24 anos e moitos pretendentes pero nunca puido esquecer aquel home co que ao principio, case de forma inconsciente, decidira andar o camiño:

“Cando estabamos na orquestra, desde sempre, eu sentábame ao lado do condutor e despois o resto que se puxera como quixera”.

Conquistouna con detalles pequenos, como cando vivían en París e levouna a Italia para cumprirlle o desexo de ir ao Vaticano:

“Sempre foi moi compracente comigo. Teño que recoñecer que eu estaba namorada pero el tamén. Daquela dicíanche tantas cousas e ti eras tan simple..., non eras como a xente de agora. Estabas acostumada ás películas aínda que mamá sempre nos avisaba que aquilo non era máis que fantasía. Ela non falaba do matrimonio. A que máis falou comigo desas cousas foi miña irmá máis vella, que se entendía tan ben co home que tivo dez fillos”.



A INFANCIA

A súa nai sempre lle advertiu moito ás fillas de que non se fíaran dos homes, porque non quería que pasasen os mesmos traballos que pasara ela:

“Cando tiña catorce anos xa colleu mozo e cando a súa nai marchaba para Santo André de Teixido, ela dícialle a el que seguía na casa, para que non pasara nada entre eles dous”.

Aínda así, Carmen quedou embarazada con vinte anos, e aínda que o mozo recoñeceu o neno, o trato con ela xa nunca foi igual, e por iso decidiu deixar a parroquia cambadesa de Castrelo, onde nacera, e marchar a servir a Pontevedra. Pero non aprendeu do erro e pasoulle o mesmo co segundo mozo. Cando casou co pai de María Jesús tiña dous fillos de solteira e ás tres fillas que chegarían despois avisounas moito de que non foran parvas e non pasaran o que pasou ela.

O de María Jesús foi o quinto de oito partos. Despois de Emiliano e Adolfo, os fillos que tivera a súa nai de solteira, chegarían Manuel e Lola. Carmen estaba preñada da primeira nena cando o seu home tivo que marchar á guerra. Foise vivir cunha curmá súa ao Grove e alí nacería a seguinte. Cando Robustiano volveu, despois de tres anos combatendo, naceron ela e seus irmáns Chiño, Chicho e Sabela:

“Meus pais encargáronme tan pronto como el volveu da guerra, penso que por iso son tan pelexona. Meu pai nunca contou na casa se estivera ben ou se estivera mal; non sei se fóra tiña outras conversas pero na casa xamais. O único que dicía é que fora unha tristeza que tiveran que loitar irmáns contra irmáns, nada mais... Non sei nin en que zonas estivo e iso que estivo tres anos longos porque fixo a *mili* en Ferrol, ao pouco estalou a guerra e xa tivo que ir ata que rematou”.

E, cousas da vida, por se non houbera pouca liorta cos nomes, tamén houbo bailes nos apelidos:

“A miña avoa casara na igrexa de Castrelo, pero o pai da miña nai emigrara a América e nunca volvera. Anos despois, a igrexa ardeu e á hora de repetir os papeis, como o meu avó non estaba, o cura non lle recoñeceu o matrimonio, así que un día chegoulle á miña nai unha notificación dicíndolle que a partir dese momento non se apelidaba Carmen Cacabelos senón Carmen Brañas, o apelido de solteira da miña avoa”.

Así as cousas, nos oito irmáns había ata catro combinacións de apelidos diferentes: Adolfo, recoñecido polo seu pai, era Caamaño Cacabelos; Emilio foi rexistrado como fillo de solteira e levou o Cacabelos Brañas; e os dous primeiros fillos de Robustiano e Carmen conservaron o nome do avó emigrado, apelidándose Romero Cacabelos. A partir do nacemento de María Jesús, as chamadas acabaron cos Cacabelos e os tres máis novos levarían xa o Romero Brañas.



María Jesús naceu moi preto do Palacio de Xustiza, que por aquel entón aínda era cárcere, e é quen de repasar un a un os moradores que entón tiña a rúa: Despois da casa do Pirulí, que xa estaba daquela, había un muro cun patio no que vivían a señora Elvira Alfonsina, a señora Ramona e Benito o Rompetechos, antes de chegar ao almacén de Naya, xusto a carón da súa casa. Do outro lado estaba a casa da Galletera, que era xastra, e despois dos peldaños, as casas de Nodar, dona Claudina e Suso o observador, seguidas da casa onde vivía Dona Aurora e o viero dos Palamios. Logo, onde está agora o instituto, estaba daquela o verxel dos Dapena e ao final da rúa, despois do terraplén onde xogaban de nenos e antes de San Roque, estaba a casa onde fixeron o Auxilio Social, que agora é unha gardería.

Pola parte de atrás, a súa casa daba á finca dos pais de Pío Cabanillas. Vivían no baixo do edificio que por aquel entón albergaba a Cámara da Propiedade e cando o que logo sería ministro viña visitar a familia, María Jesús víao paseando pola finca. O matrimonio era ademais o caseiro de seus pais que, cando ela era nena pagaban ao mes polo alugueiro da casa, se non lembra mal, vinte pesetas.

A súa era a única casa do barrio que tiña xanelas cara a atrás. A Galletera tiña que conformarse coa luz dun fachinelo, as de Nodar coa da claraboia e Claudina e Josefa, a nai de Observador, cun pequeno sitio de luz:

“Era a casa con máis luz. Tiñamos catro xanelas cara a atrás e dúas cara a adiante. Era moi orixinal; tiñamos unhas escaleiras de madeira, á dereita había unha sala cun corredor e unha habitación e, á esquerda, a cociña e outros tres dormitorios. Cando viña xente da aldea da miña nai, mamá dicíalles: ‘de portas para dentro todas son camas’ e os fillos íamos ao chan para darlles as camas aos veciños de Castrelo, a parroquia de Cambados onde nacera miña nai. Por iso despois, cando ía ela alá, recibíana como se fose unha personalidade. A miña avoa, Dolores a Palomita, foi moi boa muller pero morreu moi nova e miña nai tivo que vir servir a Pontevedra. Foi aquí onde coñeceu a meu pai e se fixeron mozos. Miña irmá Dolores naceu no Grove, onde estiveron vivindo algúns meses pero, cando meu pai marchou á guerra, miña nai decidiu vir a Pontevedra porque pensou que aquí habería máis oportunidades de gañarse a vida. Mentres el combatía, ela asistía en casas e estivo a servir xente moi importante da cidade, como os Millán ou as señoritas de Dómer, que vivían nun chalé fronte á estación, onde agora está a administración de lotaría”.

Toda a veciñanza do barrio se levaba moi ben. Os nenos e as nenas xogaban no terraplén ou ían á parte de abaixo do verxel, onde estaba o río do muíño do Peilán cos seus lavadoiros teitados para que as mulleres non se mollaran coa choiva.



E cando chegaba a hora de volver á casa, María Jesús escoitaba a voz de súa nai:

-Nenaaaaaaaaaaaaa.

-Mande!

-Vou mandar, vou!".

E polo ton de voz sabía que aínda podía tardar un cachiño. Pero como se despistara e súa nai tivera que chamala unha segunda vez, o timbre xa era distinto e máis lle valía saír correndo porque xa sabía que súa nai a agardaba coa zapatilla na man.

A ESCOLA

Certo é que pouco tempo tivo para xogar. Aos oito anos tivo que deixar a escola porque naceu súa irmá pequena e alguén tiña que atendela cando a súa nai ía traballar:

“Saín da escola sen apenas saber poñer o meu nome porque son zurda e a miña profesora, Doña Trinidad, atábame a man esquerda atrás e obrigábame a facelo coa dereita e eu, o que fago, sigo facendo coa man esquerda, non teño culpa de nacer zurda!”.

O seu colexio estaba na rúa Real, fronte á praza do Teucro. Taboada vendía louza no baixo do edificio, Bravo bolsos a un lado e, no outro, estaba a mercería da señora Lola. María Jesús pasaba a fonte dos tornos e subía ás présas as escaleiras. Á man esquerda estaban os máis pequenos e Doña Elvira daba clases aos que ían peor. O resto das aulas eran á man dereita. Os de primeiro situábanse ao fondo e ían avanzando cara a adiante conforme pasaban de curso. María Jesús estaba en terceiro cando tivo que deixalo. Nunca volveu pisar unha escola e o que aprendeu, aprendeuno soa, sobre todo a ler, porque lle gustaba moito. Sempre lle quedou o aquel de non escribir de todo ben.

OS TRABALLOS

Tampouco tivo moito tempo de practicar ortografía. Ao pouco de deixar o colexio foi traballar repartindo pan e aos trece anos xa estaba servindo.

“Cando empecei a repartir o pan era moi pequena pero na casa facían falta cartos e na de Vilela necesitaban xente, así que fun. Precisamente, o primeiro sitio onde baixaba a cesta era onde o río de Peilán, no que xogaba cos outros rapaces. El collíame dúas barras e despois seguía ata San Roque, pero pola parte de abaixo, onde a de Digna e a de Racha. Logo subía por Almirante Mato e alí tiña catro persoas que me collían pan... Por iso que moitas veces cando digo que estou cansa é porque estou cansa, que traballei moito”.



Seguía sendo unha nena cando empezou a servir na casa dunha señora madrileña que vivía coa filla, traballadora de Facenda, e co xenro, que nos tempos de guerra fora alférez provisional. Deixounos para cantar coa orquestra pero Aquilino Godoy Martínez e María Luisa Navarro Carvajal, que así se chamaba o matrimonio, sempre seguiron preto dela e foron padriños da súa voda, mentres que dona Ana, a señora da casa, apadriñoulle a filla e, para que non houbera lea, como cando foi da nai, puxéronlle o nome da madriña na igrexa e no xulgado:

“Viñeron de padriños da nosa filla, dona Ana e o home da miña irmá máis vella, e fíxome moita graza porque cando llo pedín, ela díxome:

-Pero Susa, ti cres que eu vou ver a túa filla de maior?

E o día que a miña filla, xa toda unha muller, puxo a floraría, a súa madriña foi alí e díxollo:

-Ana, eu nunca crin verte feita unha muller.

A verdade é que ela xa era moi maior cando foi de madriña e por iso dicía que non a ía ver medrar. Pero viuna medrar, viuna traballar e facerse unha muller”.

Coa súa filla feita unha muller, co seu xenro e coas súas dúas netas vive María Jesús desde que se xubilou despois de 37 anos traballando como conserxe no pavillón de deportes. Conseguiu o traballo o seu antigo xefe, Aquilino Martínez.

“Estando no *Rías Bajas* souben que ían abrir o pavillón de deportes. Eu buscaba un traballo distinto porque o do hotel me prendía moito e tiña miña irmá pequena que coidarme da nena. Dícialle a don Aquilino: ‘Cando se vai inaugurar?’ E el díxome: ‘Non se preocupe, Susa, que no momento que iso estea para a inauguración, avísolle e imos ver se buscamos traballo alí’.

E cumpriu. Primeiro falou con Lilo Paz Sánchez no goberno civil e cando souberon pola alcaldía que, dada a súa experiencia co Pontevedra C.F., ese tema o ía levar Rivas Castiñeiras, Aquilino Martínez foi falar con el á oficina que tiña na Praza de España, enriba da farmacia de Lorente, e Rivas Castiñeiras foi o primeiro xefe que María Jesús tivo no traballo no que ía estar case corenta anos.

Non podería atopar empregada máis sacrificada. Nas noites de verán, cando o pavillón recollía un daqueles “Festivales de España” que percorrían a península con bailes folclóricos chegados de calquera punto do globo, ou cando artistas da talla de Julio Iglesias escolían o recinto para o seu concerto de Pontevedra, María Jesús e a súa compañeira pasaban toda a noite varrendo pistas e gradas e á mañá seguinte preparando os vestiarios para que todo estivese perfecto cando chegaran os deportistas. Houbo noites sen durmir, meses sen días libres e ata anos sen vacacións porque os cartos facían máis falta que o descanso.



Centos de deportistas pasaban por aquelas instalacións nas que o balonmán se mesturaba co baloncesto e coa ximnasia rítmica, nun momento en que non había armarios, así que as bolsas deixábanllas a María Jesús e tiña que usar as súas dotes de observadora para saber de quen era que. Mentres ela estivo no pavillón nunca houbo un roubo mais cando ela se xubilou tiveron que instalar cámaras.

OIGA, JOVEN, HAGA USTED EL FAVOR

Cando chegou o momento da xubilación, o Diario de Pontevedra recolleu a noticia e a xornalista lembrou a frase coa que moitas xeracións de pontevedreses e pontevedresas lembrarán sempre a María Jesús: “*Oiga, joven, haga usted el favor*”.

“Todos dicían que eu tiña moi mala leche pero é que a min non me gustaban as cousas mal feitas. Entón, se un xogador de balonmán estaba sentado enriba da mesa, eu ía alí e botábao fóra. Dicialle: ‘Oiga, joven, haga usted el favor, sáquese de ahí’ e saía disparado. Cando estaba Pillo de adestrador, xa lles dicía: ‘Aí ven María Jesús, levantade de aí que vos vai botar fóra!’. Ou cando entraban, se non dicían boas tardes, eu dicíalles:

-Oiga, joven, vostede cando entra nalgún sitio non ten que saudar? Faga o favor e volva entrar.

E mandábao saír e volver entrar.

-Como se di?

-Boas tardes.

Fíxome graza porque unha vez estando eu na porta chegou o señor que dirixía o pavillón e dixo:

-Quen lle chama a atención ao señor Encinas (o gobernador de Pontevedra) que está xogando ao pimpón en zapatos?

E eu dixen:

-Vou eu.

Así que fun onda el e díxenlle:

-Don Ramón, con zapatos non pode estar vostede na pista.

-Si señora, tiene usted razón, perdone.

Sentou na grada, quitou os zapatos, puxo os tenis e desculpouse de novo: ‘perdone, perdone...’

Por chamarlle a atención a alguén penso que non pasa nada, non? De feito, despois necesitei un préstamo da Caixa de Aforros, pedíanme un aval e fun falar con el, que era o director.



-Seica necesito unha fianza.

-Ningunha, non se preocupe.

E non me deixou sen cartos por terlle dito que puxera os tenis. Soubo entender porqué lle chamei a atención”.

Non foi á única “autoridade” á que lle chamou a atención. Un día chegou ao pavillón co F.C. Barcelona o mesmiño Iñaki Urdangarín e, cando ía entrar no vestiario, achegouse a María Jesús e díxolle: *‘Necesito gel para la ducha’...*

“Aínda non estaba casado coa Infanta pero, aínda que estivera, a min dábame igual. De feito xa estaban en relacións e eu díxenlle: ‘Se vostede quere criados, os criados páganse, así que se quere xel vaia búscalo’. Bah! Era un parvo, un chulo. Pensaba que calquera morrería por irle comprar o xel. E ao final fóronlle claro, pero... eu! Primeiro dáme os cartos e despois verei se vou ou non vou. Non me custaba nada pero eran as formas... ía de chulo pola vida e así lle vai”.

Os seus “nenos” deportistas nunca lle tiveron en conta as súas lérias. Lembra como rifaba aos rapaces de Xoán XXIII tan pronto cruzaban pola porta:

“Víaos entrar e xa lles dicía:

-Se ides á ducha facede o favor e saíde pronto, que preciso o vestiario.

Porque senón eternizábanse alí e eu nin podía deixar que quedaran así, nin quería ir sacalos dos vestiarios. Se foran nenas si pero non quería entrar onda os rapaces”.

Non obstante sempre tivo moi boa man con eles. Aínda é hoxe que pasa o autobús do Xoán XXIII e María Jesús non sabe como non envorca porque, así que a ven, todos os rapaces van para o seu lado dicirlle adeus, e ela continúa o camiño feliz de que despois dos anos pasados a sigan lembrando.

Ela observa como van crescendo e reconece no rapaz da tenda de cociñas o deportista que ía co padre Luís xogar ao balonmán, e saúda o neno que foi o condutor do autobús, e entristécese co varredor que estudou para enxeñeiro e logo alégrase con el cando por fin logra traballar no seu. E chancea con eles e todos lle din que dá gusto ver como segue co mesmo humor. E ela volve rifar: “Que dirás, se agora téño moito mellor...”.